ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 4 DE SETEMBRO DE 2026

PRESIDENTE: Dona Paula Bouzós Barros

VOGAIS:

Don Juan Pablo Castillo Amigo
Dona Luisa María Sánchez Méndez
Don Rafael Domínguez Artime
Don Jorge Cubela López
Don Ricardo Martínez Chantada
Dona María Pilar Ramallo Vázquez
Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
Don Jesús Vázquez Almuiña
Don Paco Ferreira González
Don Gregorio Luis Agís Gómez
Dona Digna Rosa Rivas Gómez
Don Gorka Gómez Díaz
Dona Nuria Rodríguez Rodríguez
Don Javier Iglesias Mougán
Dona María Manuela Rodríguez Pumar
Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo a doce horas e quince minutos do día 4 de setembro de 2026, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona Paula Bouzós Barros, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, coordinadora xeral do Centro Príncipe Felipe.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. **APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 24 DE XULLO DE 2026 (Expediente 2026057689)**

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2026.

2. **DAR CONTA DA ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO POR PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA "PROVINCIA ACTIVA" 2026-2029. (Expediente 2025081416)**

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

modificación do regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, cuxo contido literal é o seguinte:

"*DATOS DE INTERESE*

- *Aprobación das Bases Reguladoras: XG do 26 de decembro de 2025 (acordo núm. 5.35921)*
- *Orzamento: douscentos sesenta e seis mil cincuenta e cinco euros con trece céntimos (266.055,13 €), con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07*
- *Publicación no BOPPO: 11 de febreiro de 2026*
- *Prazo de solicitudes: (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).Do 12 de febreiro ao 11 de marzo de 2026*
- *Resolución Presidencial núm. 2026002662 do 13 de abril de 2026 aprobando a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión*
- *Xunta de Goberno do 15 de maio de 2026 (núm. 22.37109) acordou a aprobación dos listados definitivos de entidades admitidas e excluídas coas causas de exclusión, adxudicación de 160 obradoiros e formación de lista de agarda.*

1. CONTIDO

Este programa, cun grande arraigo na provincia de Pontevedra desde a súa posta en marcha na década dos noventa, promove a participación de 160 entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia, a través das cales as persoas maiores de 50 anos realizan obradoiros temáticos para favorecer a participación e a cooperación social.

2. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:

- *Asociacións, federacións ou confederacións e fundacións que figuren no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia como entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra dentro da área de maiores .*
- *Entidades que figuren no Rexistro xeral de asociacións da Xunta, rexistradas na provincia de Pontevedra e clasificadas en actividades dirixidas a persoas maiores.*
- *Asociacións de persoas maiores, pensionistas, prexubiladas e xubiladas non rexistradas entre as anteriores.*
- *Outras entidades non rexistradas nas categorías anteriores que desenvolvan actividades de iniciativa social dirixidas a persoas maiores de 50 anos.*

Non poderán participar no programa as entidades de iniciativa pública.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

O alumando que realice o obradoiro deberá poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma e non presentará ningunha enfermidade, alteración do comportamento ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.

En cada obradoiro poderán participar entre 15 e 25 persoas como máximo (o número máximo de participantes por curso especifícase no catálogo).

Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que, para a súa realización, a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70% do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición. No caso contrario, o obradoiro non poderá realizarse.

Só se poderá solicitar un obradoiro por entidade. Así mesmo, os obradoiros terán unha duración de 30 horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que teñan lugar un ou varios días á semana ata completar o número de horas.

Cada Obradoiro terá un custo de sete (7,00) euros por participante, cantidade que deberá ser aboada de conformidade co establecido nas bases reguladoras do programa.

3. FINANCIACION

O contrato será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polos usuarios participantes:

- *A persoa participante das accións formativas aboará a cantidade fixa de 7,00 euros por obradoiro.*
- *A Deputación de Pontevedra achegará a cantidade resultante de descontar do prezo final ofertado por obradoiro o importe pagado polas persoas beneficiarias participantes no obradoiro (7,00 euros/persoa).*

4. XESTIÓN, EXECUCIÓN E DESENVOLVEMENTO

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2026, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa PROVINCIA ACTIVA 2026-2029"

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 27 de marzo de 2026. Na mesma data, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30 de abril de 2026, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres "A",

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- *Ebone Servicios Educación Deporte SL (CIF B73405599)*
- *Estudios Rafer SL (CIF B27239136)*
- *Os ventos Innovación en Servizos SL (CIF B70493275)*
- *Xestión Cultural Aurea SL (CIF B36394203)*

A Xunta de Goberno na súa sesión do 5 de xuño de 2026 acordou adxudicar o contrato para a prestación do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa PROVINCIA ACTIVA 2026-2029 a empresa Ebone Servicios Educación Deporte SL (CIF B73405599) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1.- Prezo ofertado por obradoiro:

Importe sen o IVE:	*1.339,22 € /obradoiro*
IVE (21 %):	*281,24 € /obradoiro*
Importe total ofertado:	*1.620,46 € /obradoiro*

2.-Compromiso de impartir una taller por cada obradoiro sobre benestar Dinámica de autocoidado, ferramentas de xestión emocional e interacción a través das emocións de 2 horas e media de duración.

SI ☒

NON ☐

3.- Compromiso de entregar a cada persoa participante dunha fotografía impresa en tamaño 10x15 en papel fotográfico e marco de cartón:

SI ☒

NON ☐

4.- Disposición para o papel utilizado no material didáctico dalgún tipo de etiquetaxe ecolóxica que garanta unha baixa incidencia ambiental, por exemplo a Etiqueta Ecolóxica da UE (ECOLABEL) ou equivalente, de conformidade co Real Decreto 234/2013 de 5 abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 66/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da Unión Europea no caso do papel de copia e gráfico.

SI ☒

NON ☐

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

5.- Compromiso de entrega dun agasallo serigrafiado para cada persoa participante o día

Entrega dun agasallo valorado en menos de 2,00 €	☐
Entrega dun agasallo valorado en máis de 2,00 € e ata 4,00 €	☐
Entrega dun agasallo valorado en máis de 4,00 € e ata 6,00€	☐
Entrega dun agasallo valorado en máis de 6,00 €	☐

Con data 16 de xullo de 2026 formalizouse o contrato entre Ebone Servicios Educación Deporte SL e a institución provincial.

INFORMACION RELACIONADA LICITACION NO PERFIL DO CONTRATANTE
https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma/buscadores/detalle/!ut/p/z1/lZJNb4JAEIZ_Sw8cy46gaHtbAfkQA8WCshezyorb8BWgpfHXl2LTNE3FdG8z8z47szsvlmiLSE7feEIbXuQ0RRGKyHSHQ_0JWw8yGL6ngzT3p8p44XYhoCCj7zzjZxajNSKlHlpM5PtMPNIDq8WyqJqUNWJo6RtLQ5EAL3UpQMVozROvKg4C4DjjOXZV_zvnXSBcliFnrdgR3VgRUXZj3VXVhSnBbC1rlDlaECjmZyihTS-4NidIiHRluHIwfPETWR2Hdugpa8sAsMyF5gSjCRiS0vMD11_4gQY3edJLhia49QYy3ASQjUiSFvturd1_4nwvzxJEKnZkFavE16pLn5qmrB8FEKBtWzFmZSEmNBXgL-BU1A3a_tT9dos797s12d7q2TOkEYDyD4vErKFpygRYUZ5rl6C3QpnZb-fl0lF88-ywzT2N8N0HkcX-zA!!/#Z7_AVEQAI930GRPE02BR764FO30G0"

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

3. DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ADQUISICIÓN OU ADAPTACIÓN DE VEHÍCULOS DIRECTAMENTE VINCULADOS AO DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE SOCIAL NO ANO 2026. (Expediente 2025077919)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión de subvencións dirixidas entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026, cuxo contido literal é o seguinte:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

*“**DATOS DE INTERESE***

- ***Aprobación das Bases Reguladoras:*** *A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 16 de xaneiro de 2026, aprobou, mediante o acordo nº 2.35964, a convocatoria e as bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026*

- ***Publicación no BOPPO****: nº 13, do 21 de xaneiro de 2026.*

- ***Prazo de solicitudes:*** *desde o día 22/01/2026 ata o 05/03/2026*

- ***Dotación:*** *ao crédito inicial de 500.000,00 euros engadiuse un suplemento de crédito por importe de 180.000,00 euros, mediante a correspondente modificación orzamentaria, co fin de atender a totalidade das solicitudes que cumpren os requisitos da convocatoria. En consecuencia, o crédito definitivo destinado a esta convocatoria ascende a 680.000,00 euros.*

- ***Solicitudes presentadas*** *á convocatoria: corenta (40)*

- ***Aprobación da concesión:*** *Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2026*

1. CONTIDO

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten o compromiso de apoiar estas entidades, polo que convoca unha liña de subvención dirixida a entidades sen ánimo de lucro co fin de promover a adquisición ou adaptación de vehículos destinados á mellora dos servizos e programas prestados no ámbito dos servizos sociais e sociosanitarios.

Así, con esta liña de axudas, a Deputación de Pontevedra promove a mellora de servizos, actividades e iniciativas no ámbito social a través da adquisición ou adaptación de vehículos coa finalidade de darlles cobertura ás necesidades das persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social. O vehículo atenderá ao uso de transporte de persoas (adaptado para persoas con discapacidade ou non adaptado) e transporte de mercancías para a repartición de alimentos, roupa ou outros.

2. ENTIDADES DESTINATARIAS

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, como titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nas áreas de inclusión, maiores e/ou discapacidade. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.

b) Ter sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por "delegación permanente" aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realicen as súas actividades.

c) Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.

d) Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

e) Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

3. PROCEDEMENTO DE CONCESION

De conformidade coa base décimo segunda da convocatoria, a concesión das subvencións tramítase mediante o procedemento de concorrencia competitiva.

A instrución do procedemento corresponde á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizou de oficio cantas actuacións considerou necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos e da documentación achegada, así como para a avaliación das solicitudes conforme aos criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras.

Con data 22 de xuño de 2026, publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 117) o anuncio da proposta de resolución provisional da citada convocatoria, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

4. RÉXIME ECONÓMICO

Tal e como se recolle na proposta de resolución provisional, unha vez constatado que o número de solicitudes que cumpren os requisitos establecidos nas bases reguladoras supera a dispoñibilidade orzamentaria inicialmente prevista e co obxecto de atender o maior número posible de entidades beneficiarias, considerouse necesario incrementar o crédito consignado para esta finalidade.

Para tal efecto, ao crédito inicial de 500.000,00 euros engadiuse un suplemento de crédito por importe de 180.000,00 euros, mediante a correspondente modificación orzamentaria, co fin de atender a totalidade das solicitudes que cumpren os requisitos da convocatoria. En consecuencia, o crédito definitivo destinado a esta convocatoria ascende a 680.000,00 euros.

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2026, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos número 4/2026. A súa aprobación definitiva foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 127), do 7 de xullo de 2026.

5. INFORME PROPOSTA

Unha vez avaliado o informe-proposta emitido polo órgano instrutor e fiscalizado pola Intervención, a Comisión de Valoración, na sesión celebrada o 18 de xuño de 2026, emitiu a correspondente acta (CSV: WN957I5BXMHKQ15P), na que formula proposta de concesión ou desestimación das solicitudes presentadas, de conformidade coa valoración efectuada e segundo o seguinte detalle:

" (...)

- 7 solicitudes resultaron excluídas por non cumprir o establecido nas bases reguladoras, segundo o seguinte detalle:

Nº	***Nº EXPTE.***	***NIF***	***NOME ENTIDADE***
1	*2026004622*	*F75415836*	*A CASA DAS REDES SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)*
2	*2026008058*	*F75382291*	*MONTES DE COUSO, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA. (Non estar inscrita no RUEPSS)*
3	*2026011192*	*G56202187*	*FUNDACIÓN OFIR VIDA. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

4	*2026015457*	*G13913488*	*FUNDACIÓN NOVOBASKET. (Non estar inscrita no RUEPSS)*
5	*2026014920*	*G36632081*	*ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)*
6	*2026017040*	*G36899375*	*FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)*
7	*2026009386*	*G94000379*	*ASOCIACIÓN ASISTENCIAL SOS TOMIÑO-BAIXO MIÑO. (Non estar inscrita no RUEPSS nas áreas indicadas na base cuarta)*

Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulou proposta de resolución provisional (CSV: WN957I5BXMHKQ15P e XLTPB85Q5UQY208D) das entidades beneficiarias, e das excluídas da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra para a adquisición ou adaptación de vehículos directamente vinculados ao desenvolvemento da súa actividade social no ano 2026

6. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA

Con data 22 de xuño de 2026, publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 117) o anuncio da proposta de resolución provisional da citada convocatoria, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Rematado o prazo outorgado de dez (10) días naturais para formular alegacións á resolución provisional, o resultado é o seguinte:

Dúas (2) entidades excluídas presentan alegacións:

- *A CASA DAS REDES SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, con NIF F75415836 (expediente 2026004622), presenta escrito de alegacións.*

- *FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO, con NIF G36899375*

(expediente 2026017040), presenta escrito de alegacións.

Unha vez desestimadas as alegacións, por non cumprir os requisitos das bases, formúlase a proposta de resolución definitiva, que contén a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na

que se especifica a avaliación dos proxectos e os criterios de valoración empregados, para os 33 expedientes propostos, que figuran como anexo a este informe (RELAC/2026000043), e que supoñen o reparto de 653.109,72€. Na aplicación orzamentaria 26/231.2311.789.01 do vixente Orzamento Provincial, existe crédito autorizado para facer fronte a este gasto (Doc. A nº 12026000015881 – 500.000,00€) (Doc. A nº 12026000148251 – 180.000,00 €)

Con data 14 de xullo, o órgano instrutor emite solicitude de fiscalización (CSV: IFLAP2FMZOIUPH2S) da modificación da base terceira da convocatoria, da desestimación das alegacións presentadas á proposta provisional e da proposta definitiva de concesión de subvencións, con indicación das entidades beneficiarias, importes de concesión, entidades excluídas e motivos de exclusión.

Con data 14 de xullo de 2026, Intervención emite informe favorable (CSV: VAOM0IFK3571VRHO) sobre a tramitación do expediente, deixando constancia da existencia de crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 26/231.2311.789.01 do vixente Orzamento Provincial, existe crédito autorizado para facer fronte a este gasto (Doc. A nº 12026000015881 –500.000,00€) (Doc. A nº 12026000148251 – 180.000,00 €).), e indicando que o órgano competente para a concesión das subvencións e disposición do gasto será a Xunta de Goberno, segundo a base 16.2 das aprobadas para a execución do vixente Orzamento Provincial.

Así mesmo, con data 14 de xullo de 2026, Intervención no mesmo informe informa favorablemente (CSV: VAOM0IFK3571VRHO) sobre a proposta de modificación da base 3ª da convocatoria. "Financiamento, contías e límites"

7. ACORDO XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 24 de xullo de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*Aprobar a concesión das subvencións dirixidas a 33 entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social, que se detallan a continuación, por un importe total de 653.109,72€. euros con cargo á aplicación 26/231.2311.789.01 do vixente orzamento provincial, para o que existe crédito autorizado (*ARC nº12026000015881 e ARC nº 12026000148251):

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE	PUNT.	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA	IMPORTE CONCESIÓN
1	2026004821	G36153757	ASOCIACIÓN DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES, AMENCER - ASPACE	100,00	71.184,27 €	25.000,00 €	25.000,00 €
2	2026006251	G36021970	ASOCIACIÓN DE APOYO PERSONAS CON DIVERSIDAD INTELECTUAL, ACEESCA	98,66	47.813,62 €	25.000,00 €	25.000,00 €
3	2026008777	G36873511	ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO, ALENTO	98,32	33.176,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
4	2026006027	G15859911	FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	97,00	37.994,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
5	2026006641	G36630572	CENTRO JUAN MARÍA, ASOCIACIÓN ESPERANZA VALLE MIÑOR	97,00	35.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
6	2026008831	G28197564	ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER, AECC	97,00	22.184,39 €	17.747,51 €	17.747,51 €
7	2026012944	G36624120	ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL, APAMP	97,00	66.500,10 €	25.000,00 €	25.000,00 €
8	2026014776	Q2866001G	CRUZ ROJA ESPAÑOLA	97,00	21.969,52 €	17.575,62 €	17.575,62 €
9	2026014911	G36452837	ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, VONTADE	97,00	56.100,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
10	2026005788	G36870558	ASOCIACIÓN DE PADRES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL DE VIGO, ASPAVI	95,32	30.449,99 €	24.359,99 €	24.359,99 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

11	2026013625	G36776920	ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	95,32	6.812,00 €	5.000,00 €	5.000,00 €
12	2026014818	R3600336F	HOGAR Y CLÍNICA SAN RAFAEL	95,32	48.256,99 €	25.000,00 €	25.000,00 €
13	2026014915	R3600131A	CASA SANTA MARÍA DE LA ESPERANZA ESCLAVAS VIRGEN DOLOROSA	95,32	32.908,20 €	25.000,00 €	25.000,00 €
14	2026015475	G36116879	ASOCIACIÓN CULTURAL O CASTRO DE BAIÓN DE VILANOVA DE AROUSA	95,31	32.853,29 €	25.000,00 €	25.000,00 €
15	2026014343	G36685964	FUNDACIÓN MENELA	95,31	33.499,98 €	25.000,00 €	25.000,00 €
16	2026014821	G36880615	FUNDACIÓN INTEGRA PARA LA DISCAPACIDAD INTELECTUAL	95,00	24.500,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
17	2026008043	G36012128	ASOCIACIÓN JUAN XXIII	93,64	23.726,64 €	18.981,31 €	18.981,31 €
18	2026010231	G32115941	CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, COGAMI	93,64	69.764,89 €	7.618,56 €	7.618,56 €
19	2026003662	G36884708	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	93,63	40.535,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
20	2026008054	G36605905	ASOCIACIÓN A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, ASPANAEX	93,63	34.597,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
21	2026008717	G36453728	ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DAS COMARCAS DO CONDADO E DA	93,63	48.091,97 €	25.000,00 €	25.000,00 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

			PARADANTA, ADAPTA				
22	2026008344	G36626174	FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO, HOGAR SAN JOSÉ	93,32	24.400,00 €	19.520,00 €	19.520,00 €
23	2026005416	G36018802	ASOCIACIÓN SAN XEROME EMILIANI	93,31	21.990,00 €	15.000,00 €	15.000,00 €
24	2026009815	G15747678	ASOCIACIÓN AMICOS	92,00	24.134,42 €	19.307,53 €	19.307,53 €
25	2026014766	G36461697	FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE PONTEVEDRA	91,95	38.692,77 €	25.000,00 €	25.000,00 €
26	2026014811	G28256667	SOCIEDAD SAN VICENTE DE PAUL EN ESPAÑA	91,95	14.000,00 €	11.200,00 €	11.200,00 €
27	2026015435	R3600113I	COLEGIO NUESTRA SEÑORA DE FÁTIMA EN CRECIENTE ESCLAVAS DE LA VIRGEN DOLOROSA	91,94	32.908,20 €	25.000,00 €	25.000,00 €
28	2026006610	G36427524	FUNDACIÓN IGUAL ARTE	90,32	50.400,00 €	9.600,00 €	9.600,00 €
29	2026008775	G36105567	ASOCIACIÓN AUTISMO BATA	90,32	36.892,20 €	25.000,00 €	25.000,00 €
30	2026013637	G36248011	ASOCIACIÓN LENDA DE SAÚDE MENTAL	87,00	32.968,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €
31	2026012796	G94069416	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA MORRAZO	86,95	25.000,01 €	20.000,00 €	20.000,00 €
32	2026012157	G94153053	ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO EDUCATIVO Y CULTURAL, ADEC	84,95	6.900,00 €	5.520,00 €	5.520,00 €
33	2026006252	G94061421	ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIADO O AMENCER	76,95	8.349,00 €	6.679,20 €	6.679,20 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

4. <u>DAR CONTA DO FALLO DO XURADO DA IV EDICIÓN DOS PREMIOS #MULLERES QUE OPINAN</u> (Expediente 2026002954).

Dende o Servizo de Igualdade elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico do fallo do xurado da IV edición dos Premios #Mulleres que Opinan, cuxo contido literal é o seguinte:

"Desde o ano 2018, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, a Deputación de Pontevedra colabora co Concello de Pontevedra para a organización conxunta do encontro de mulleres columnistas que leva por título As Mulleres que Opinan Son Perigosas.

A Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, atendendo a un dos seus principios reitores —a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes— son conscientes da necesidade de dotar de recursos que creen as condicións necesarias para reducir as fendas de xénero aínda existentes. Por iso, neste ano convocaron a ***cuarta edición dos Premios #Mulleres que Opinan*** *co gallo de apoiar as mulleres que exercen a profesión xornalística e o xénero da opinión.*

Por Resolución Presidencial núm. 2026001114 de data 11 de febreiro de 2026, aprobáronse as bases reguladoras IV Edición dos Premios #Mulleres que opinan. Ditas bases publicáronse no BOPPO núm. 45 de 6 de marzo de 2026.

Tal e como se recolle na base terceira, hai dous premios con cadansúa dotación económica de mil euros: un para o mellor artigo de opinión en galego e outro para o mellor artigo de opinión en castelán. A esta convocatoria presentáronse un total de doce candidatas para a categoría de mellor artigo en galego e, catorce candidaturas á categoría de mellor artigo en castelán.

Con data 25 de maio de 2026, reuníronse as persoas integrantes do xurado nomeado para emitir o resultado da IV Edición dos Premios #Mulleres que opinan; na Sala de Xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra. Tras a valoración de cada un dos artigos presentados a esta convocatoria e tendo en conta os criterios de valoración sinalados na base décimo primeira das bases reguladoras da IV Edición dos Premios #Mulleres que opinan, as persoas integrantes do xurado acordan a concesión dos seguintes premios:

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):EKIN0LSFP02CTDTV

Código expediente	APELIDOS E NOME	DNI	MODALIDADE	PREMIO	Retención 15 %	Total a pagar
2026024278	ANUSCH AILEN LORES LEMOS	***2116**	castelán	1.000 €	150 €	850 €
2026029539	ROSA Mª TABOADA REY	***0757**	galego	1.000 €	150 €	850 €

Estes importes están suxeitos á correspondente retención do IRPF segundo a lexislación vixente e, imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/250.2315.480.05 do vixente orzamento provincial.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe".

5. <u>ROGOS E PREGUNTAS.</u>

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce e vinte minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

Firmado por: ANA ISABEL AMOEDO GARRIDO - ***1927**
Cargo: Coordinadora Xeral do Centro Príncipe Felipe
Data: 05/09/2026 21:29